

MATERIALISTAS

Celine Song, 2025

1579

ESTREA EN NUMAX: 21.08.2025 | V.O.S.E. | 109 min

Unha casamenteira de moitísimo éxito construíu un imperio facendo que parellas perfectas rematen xuntas. Porén, a súa vida dá un xiro inesperado cando se ve atrapada nun perigoso triángulo amoroso con dous clientes, que son irresistibles pero incompatibles.

«Un drama romántico, social, mordaz e serio, cheo de observacións reveladoras sobre a forma en que vivimos»

Owen Gleiberman, VARIETY



O amor como forma de resistencia

Por Andrea B. Bermejo

O amor eterno non vive o seu mellor momento. Son tempos, máis ben, de poliamor, de encontros fugaces, de xente que vén e vai... Quizais por iso mesmo, *Materialistas*, un filme que celebra o amor para toda a vida, foi recibida de maneira morna no epicentro da civilización occidental (até nova orde). Por iso, tamén, o novo filme de Celine Song é a comedia romántica perfecta, candidata a se converter nun clásico instantáneo. Non é azaroso que o filme se reflexe en fitos do xénero como *Cando Harry encontrou a Sally* (1989) ou *Armas de muller* (1988), comedias románticas da década cinematográfica máis conservadora.

Celine Song conquistounos coa súa opera prima, ese estudo sutil, delicado, como para ficar a vivir dentro, do amor en parella e o amor imaxinado, do contraste entre o que temos e o que poderíamos ter. Arroupounos coa súa ollada cálida a esas pequenas friccións humanas e con eses personaxes complexos tratados con respecto, con amor. E restaba por ver se esa finura na escritura e na dirección ía saír intacta do seu escarceo cun elenco máis propio dun estudio de Hollywood, ese trío formado por Dakota Johnson, Pedro Pascal e Chris Evans que, combinados, son un caramelo para as campañas de marketing e os reels en TikTok ou Instagram, iso que xa parece importar máis que as propias películas. O reto de Song era dobre, pois se *Vidas pasadas* (2023) xogaba na categoría de película indie, moito menos susceptible aos prexuízos, *Materialistas* faino na división da comedia romántica, o xénero máis denostado e desprezado do cinema, até o punto de ser considerado (non se pode caer máis baixo) como un xénero feminino.

Porén, Song demostrou ser quen de xogar a todos o xogos ao entregar, por unha banda, unha comedia romántica que funciona con precisión sen prescindir dos seus inevitables arquetipos (a damisela indecisa, o guapo pobre, o galán que agocha algo, o triunfo do amor verdadeiro ou as liñas de diálogo icónicas) e que, por outro, non renuncia, como tampouco o facían as incursións no romántico de Wilder, Nichols, Michell ou Ephron, a uns personaxes cribles e a unha escrita enxeñosa, elegante e que nos conte algo do mundo en que vivimos.

Iso, quizais, é o máis interesante de *Materialistas*. Como un filme tan romántico é á vez unha crítica incisiva do materialismo e a mercantilización á que nos sometemos a nós mesmos, no amor pero tamén en todo o demais. Lucy (unha Dakota Johnson que ofrece as doses exactas de superficialidade e vulnerabilidade ao seu personaxe) débátese entre o home ideal (tanto como Pedro Pascal) e o seu exmozo sen un can que aínda lle fai tilín (non a culpamos tratándose de Chris Evans). As súas aspiracións materiais, reforzadas polo seu traballo como estadista das citas, chocan cos seus sentimentos como nunha novela decimonónica. Mentres se aclara, Song lévanos de paseo por este mundo repugnante no que o capitalismo teima en reducir o humano a algo que poida cuantificarse e explortarse. O amor, nese panorama, é sen dúbida a mellor forma de resistencia.

Publicado en Cinemanía nº 359. Agosto de 2025